

---

# MARES DE HISTORIAS

XOVES 23 ABRIL 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

CONVERSANDO CON... Paul Daniel,

Gabriel Erkoreka e Fernando Buide

Sala Mozart, 19.45 h

---

# HISTORIAS

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2025/26  
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



# PROGRAMA

I.

**GABRIEL ERKOREKA (1969)**

Alalá\*

**BENJAMIN BRITTEN (1913-1976)**

Peter Grimes: Catro interludios mariños

*Dawn: Lento e tranquilo*

*Sunday Morning: Allegro spiritoso*

*Moonlight: Andante comodo e rubato*

*Storm: Presto con fuoco*

II.

**FERNANDO BUIDE (1980)**

Mar ao norde

**JEAN SIBELIUS (1865-1957)**

Sinfonía núm. 3 en Do maior, Op. 52

*Allegro moderato*

*Andantino con moto; quasi allegretto*

*Moderato - Allegro; ma non tanto*

\* Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino  
Adriana Winkler, axuda de concertino  
Anca Smeu \*\*  
Ilya Fisher  
Yulia Petrushevskaya  
Elena Rodríguez \*\*\*  
Michal Ryczel  
Catarina Barbosa \*\*\*  
Victoria Jurov  
Anna Alexandrova  
Ildiko Oltai

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca  
Samira Ajkic  
Lia Theotonio \*\*\*  
Elina Viksne  
Marie Esther Cooper \*\*\*  
Irina Gruia  
Kiyoko Ohashi

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Timur Sadykov  
Inmaculada Muedra \*\*\*  
Anne Schlossmacher  
Josep Ruiz (R)

## VIOLONCELLOS

Irene Alvar (R) \*  
Thomas Piel \*\*  
Fabio Arias  
Nicolás Concheiro \*\*\*  
Carlos García  
Nicolás Casamayor \*\*\*  
Manuel Lorenzo

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo  
Nicolás García \*\*\*

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Ana Mondejar (R) \*\*  
Carmen Bajo \*\*\*

## ÓBOES

Esther Viudez \*  
Avelino Ferreira (R) \*  
Ana Lucía Pérez \*\*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*  
Antonio Martín \*\*\*

## FAGOTS

Juan Carlos Otero \*

Manuel Veiga \*\*

Laura Jiménez (R)

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xabier Ramón \*\*  
Alfredo Varela  
Millán Molina (R)

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*  
André Coutinho \*\*\*

## TROMBÓNS

Kiril Nesterov (R)  
Rita Fernández (R)  
Brais Molina (R)

## TUBA

Nicolás Portas (R)

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Lola Olmo \*\*\*  
Juan Antonio Vázquez (R)  
Marta Prado (R)

## ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

# PAUL DANIEL

## DIRECTOR

Paul Daniel foi director titular e director artístico da Real Filharmonía de Galicia de 2012 a 2022 e director musical da Orquestra Nacional de Bordeos Aquitania de 2013 a 2021. Ocupou o mesmo cargo na West Australian Symphony Orchestra en Perth de 2009 a 2013. Ten actuado como director invitado con importantes orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 da Opera North e director titular da English Northern Philharmonia; e, de 1987 a 1990, foi director musical da Opera Factory. Ten actuado como director invitado na Royal Opera House Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os seus compromisos orquestrais inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a Orchestra of the Age og the Enlightenment (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Real Filharmonia de Galicia, Orquestra Nacional de Bordeos Aquitania, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Lucrezia Borgia* e *As vodas de Fígaro* para a English National Opera, *Gloriana* para o Covent Garden, unha nova encarga de

Judith Weir para o Festival de Bregenze o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Ópera Nacional de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *Hänsel und Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* para a Oper Frankfurt, *Werther* para o New National Theatre de Tokio, a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Ruders en Santa Fe, e *Elektra*, Tristán e Isolda e *As Valquirias* en Bordeos. Os compromisos orquestrais inclúen concertos coa Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a BBC Philharmonic, Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e no Festival de Bregenz. Ten regresado a Bordeos para dirixir *Madama Butterfly* e unha

produción de *A fruta máxica* para a Welsh National Opera.

Entre as súas numerosas gravacións destacan o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar para Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Bordeos Aquitania, que inclúe discos de Wagner, Mahler e Chaikovski. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun DVD que ten recibido numerosos premios.

En 1998, Paul Daniel recibiu o Premio Olivier polos seus extraordinarios logros na ópera, e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz del Imperio Británico (CBE).

# NOTAS AO PROGRAMA

## MARES DE HISTORIAS

Esta noite a Real Filharmonía baixo a batuta de Paul Daniel presenta un programa variado no que escoitaremos dúas obras contemporáneas —a estrea dunha nova «cometa», da autoría de Gabriel Erkoreka, titulada *Alalá*, e *Mar ao norde* de Fernando Buide— e outras dúas habituais do repertorio sinfónico: *Catro interludios mariños* da ópera *Peter Grimes* de Benjamin Britten e a *Sinfonía núm. 3 en Do Maior, Op.52* de Jean Sibelius.

A primeira peza do concerto é *Alalá* do compositor vasco Gabriel Erkoreka (1969). Nado en Bilbao, formouse en piano e composición no Conservatorio Superior de Música Juan Crisóstomo de Arriaga da súa cidade e con Carmelo Bernaola en Vitoria, obtendo as máximas cualificacións. Posteriormente, trasladouse a Inglaterra onde ingresou na Royal Academy of Music para realizar un posgrao en Composición con Michael Finnissy e un Mestrado na

University of London. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns como o Primeiro Premio da SGAE (1996), Premio de Composición Musical Contemporánea do Goberno Vasco (1999), Premio de Roma (2001), Premio de Composición Musical do Colegio de España en París-INAEM (2001), Premio Reina Sofía de Composición Musical (2008) ou recentemente o Premio Nacional de Música (2021).

Recibiu encargos de importantes institucións como a Royal Academy of Music Symphony Orchestra, Orquesta Nacional de España, ORCAM ou o Museo Guggenheim-Bilbao polo seu décimo aniversario; e a súa música foi interpretada en importantes escenarios como a Biennale di Venezia, o Musikverein de Viena, o Carnegie Hall de Nova York ou a Konzerthaus de Berlín. Na actualidade é profesor de Composición en MUSIKENE

(Centro Superior de Música do País Vasco) e anteriormente exerceu a docencia na Royal Academy of Music e na Cátedra de Composición Manuel de Falla, impartindo tamén conferencias na Universität der Künste de Berlín e na Universidade Complutense de Madrid.

Como xa sinalamos liñas atrás, a obra que hoxe nos dá a coñecer leva por título *Alalá*, en relación a un dos cantos máis idiosincráticos e antigos da nosa tradición musical, do que existen diversas teorías sobre a súa orixe como a súa procedencia celta ou a conexión co canto gregoriano. O compositor sinala como principal obxectivo da súa composición ofrecer novos puntos de vista sobre o folclore e a cultura de Galicia e descríbea da seguinte maneira: «Nesta obra para cadro orquestral clásico, reflicto distintos aspectos do folclore galego, como o uso de bordóns, os seus arquetipos melódicos e rítmicos, e a inclusión de certos instrumentos de percusión como pandeiros e pandeiretas. En *Alalá*, a pesar da súa brevidade, hai unha clara alternancia entre pasaxes máis líricas e outras

de marcado carácter rítmico, a modo de reelaboración da forma tradicional dunha canción e danza, pero nunha peculiar amalgama que permite superpoñer ambos elementos».

A continuación, a Real Filharmonía interpretará *Mar ao norde* de Fernando Buide (1980), obra estreada pola propia orquestra con Paul Daniel en 2014. Buide é natural de Santiago de Compostela, onde comezou os seus estudos musicais, proseguindo no Conservatorio Superior de Oviedo, formándose en composición, piano e órgano. Posteriormente, trasladouse aos EUA para estudar un mestrado na Carnegie Mellon University e un doutoramento na prestixiosa Universidade de Yale, onde obtivo o título de doutor cunha tese sobre o compositor catalán Robert Gerhard e a súa *Sinfonía núm. 3*. Entre os seus profesores de composición podemos destacar a Leonardo Balada, Martin Bresnick, Aaron Kernis e Ezra Ladermann. Ao longo da súa carreira outorgáronlle o Premio AEOS-BBVA (7ª edición), o Premio Michael Friedmann de Investigación da Universidade

de Yale ou o Premio Harry Archer en composición orquestral (2006) entre outros. Ademais foi compositor en residencia na Real Academia de España en Roma e bolseiro da Fundación Barrié de la Maza e do Instituto de Estudos Internacionais. Durante a temporada 2014-2015 foi o compositor español vivo máis interpretado por orquestras profesionais en España, sendo programado polas principais formacións do país e outras tantas estranxeiras (Orquestra de Filadelfia, Orquestra Sinfónica de Pittsburgh, Sinfónica de Minnesota ou Filharmónica de Yale). Dentro do seu amplo catálogo destacan obras para conxunto (orquestra, coro ou banda), a solo e tamén outras interdisciplinarias como as óperas *A amnesia de Clío* e *A sombra de Cristal* ou a banda sonora da película *San Simón* de Miguel Ángel Delgado.

*Mar ao norde* é unha peza nun só movemento duns doce minutos de duración. Tal e como comenta o compositor a fonte de inspiración da mesma é o poemario homónimo de Álvaro Cunqueiro publicado por Nós en

1932. A temática destes textos xira en torno a temas como o mar e a noite que despertaron en Buide distintas emocións que intentou plasmar neste traballo. No conxunto da obra, a sección de violonchelos ten un papel preponderante establecendo un diálogo co resto da orquestra. Nalgúns ocasións rememoran o exposto polo conxunto e noutras, os papeis invértense, sendo os violonchelos os que adiantan o material musical que logo repite a orquestra.

A terceira obra do programa son os *Catro interludios mariños* da ópera *Peter Grimes* de Benjamin Britten (1913-1976). O autor británico é sen dúbida un dos compositores máis importantes do seu país. A súa formación tivo lugar no Royal College of Music de Londres onde estudou composición con John Ireland e piano con Arthur Benjamin. O seu forte sentimento antimilitarista lévao ao exilio aos EUA nos primeiros anos da Segunda Guerra Mundial, entre 1939 e 1942, porén decide volver antes de que remate o conflito e establécese en Aldeburgh, unha localidade á beira do mar

do Norte, onde impulsará un importante festival. O seu estilo musical está moi inspirado polo folclore británico e nel predomina unha predilección pola vocalidade. Acostuma a ser considerado un autor clásico nun período marcado polas vangardas, das que foi coñecedor, con influencias variadas e cun claro referente: a figura de Purcell, o compositor máis recoñecido do Barroco inglés. O seu catálogo é moi amplo, destacando a música vocal e especialmente o teatro lírico con óperas como: *O sono dunha noite de verán*, *Unha volta de porca* ou *Petes Grimes*. Dentro deste campo foi un dos fundadores do Grupo Inglés de Ópera, unha compañía modesta dedicada á creación e produción de óperas de cámara.

A obra que hoxe nos ocupa deriva dun dos seus traballos máis coñecidos: a ópera *Peter Grimes* estreada en 1945 no Sadler's Wells Theatre de Londres. Está estruturada en tres actos e baséase no poema *O pobo* de George Crabbe, onde se abordan as desventuras dun personaxe castigado pola vida,

polas súas propias decisións e polos seus achegados. Britten afirmou: «É un tema moi próximo ao meu corazón. A loita do individuo contra as masas. Canto máis desapiadada é a sociedade, máis desapiadado é o individuo». Este traballo deuse a coñecer moi pronto en distintos teatros arredor do mundo, alcanzando un importante éxito e situándose con *Dido e Eneas* como a mellor ópera inglesa da historia. Os *Catro interludios mariños* son as pezas de introdución aos distintos actos, ou transicións entre cadros e adóitanse a tocar como repertorio sinfónico independente. Estes fragmentos musicais evocan os cambios de atmosfera nun pequeno pobo costeiro de pescadores no que o mar sempre está presente. O Interludio I titúlase “Dawn” (alba) e trátase da introdución do primeiro acto, sendo á súa vez o preludio da ópera na súa totalidade. A peza supón un retrato dunha mañá gris e tranquila ao lado do mar. Tranchefort sinala que a melodía de frautas e violíns no rexistro agudo simula o voo e berros das gaviotas, as violas e a arpa

a superficie do mar e os metais graves con sordina representan a ameaza latente e sempre presente do océano. Por outra banda, o Interludio II, “Sunday Morning” (Mañá de domingo) ten tamén un carácter descritivo suxerindo un ambiente festivo nunha mañá dominical onde escoitamos o toque das campás. A continuación, “Moonlight” (Claro de lúa), o interludio III, introdución ao terceiro acto e o máis coñecido dos catro. A música expresa quietude e introspección psicolóxica, agás unha sección central, de carácter máis animado. O último interludio noméase “Storm” (Tormenta) e é unha transición orquestral situada entre dous cadros do primeiro acto. Está estruturado en forma de rondó, cun tema que volve de forma recorrente e intenta describir o carácter áspero e salvaxe do personaxe principal, Peter.

Pecha o programa a *Sinfonía núm. 3* de Jean Sibelius (1865, Tavasteus —Finlandia—, 1957, Järvenpää). Inicialmente, o compositor e violinista dirixiu os seus esforzos cara o dereito, pero logo decidiuse pola

música formándose no Instituto de Música de Helsinqui e posteriormente en Berlín e Viena. Na década de 1890 consolidou a súa fama e dende 1897 foi apoiado polo goberno de Finlandia como artista nacional ata a súa morte ca asignación dunha pensión vitalicia. Moi cedo converteuse no líder da Escola Nacional Finlandesa marcando o camiño para unha tradición culta propia despoxada das influencias da tradición xermana nun momento un tanto turbulento na historia do país —Finlandia formaba parte do Imperio Ruso dende 1809 ata que acadou a súa independencia en 1917, e estaba dominada culturalmente por Suecia—. A partir de 1900, Sibelius deuse a coñecer ao público internacional e na súa produción destacan os poemas sinfónicos: *Kullervo*, *En saga*, *O cisne de Tuonela*, *O regreso de Lemminkäinen*; sete sinfonías e o Concerto para violín. O compositor foi distanciándose pouco a pouco da tradición académica na que se formou e considerábase a si mesmo moderno por este feito, mentres outros moitos pensaron que o seu estilo era conservador.

Sibelius iniciou a composición da súa terceira sinfonía en 1904, aínda que non a rematou ata 1907. A obra deuse a coñecer o 25 de setembro dese ano en Helsinqui baixo a batuta do propio autor e estaba dedicada a Granville Bantok, un músico inglés que apoiou a Sibelius no despegue da súa carreira. A sinfonía ten un estilo clásico afastado do romanticismo e do nacionalismo, e consta de tres movementos: *Allegro*, *Andantino con moto*, *quasi allegretto* e *Finale (Moderato-Allegro* ma non tanto). O primeiro recórdanos ás sinfonías de autores como Haydn e Mozart pola claridade da súa estrutura e das liñas melódicas, e polo seu carácter vitalista. Trátase dunha forma sonata con exposición (tema A e B), desenvolvemento e recapitulación dos temas iniciais. Ao final aparece unha coda nun tempo máis lento. O segundo é un tema seguido dunha serie de variacións que crean unha forma en espello. O máis destacado é o aspecto rítmico que provoca certa incerteza no oínte. O último movemento consta dunha introdución e dúas seccións,

sendo a primeira de novo unha forma sonata e a segunda unha especie de progresión sobre un único tema que remata de maneira intensa poñendo o broche final á sinfonía.

En suma: un concerto que se presenta como un conxunto de micro relatos que nos levan do presente ao pasado, de Galicia ao norte de Inglaterra parando tamén en Escandinava e que na maioría dos casos contan coa presenza inexorable do mar como fondo.

**Carme Tubío Barreira**

---

**PRÓXIMO CONCERTO**  
**FENDAS DO SILENCIO**  
**(En colaboración co Festival RESIS)**

**XOVES 30 ABRIL (18€)**

**Sala Mozart - 19:30 h**

**PRECONCERTO**  
**ALUMNOS DO CURSO AVANZADO DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTAL**

- L. v. Beethoven: Cuarteto de corda núm.1, en Fa M Op.18
- D. Shostakovich: Cuarteto de corda núm. 7 en fa m, Op. 108

Elena Rodríguez e Lía Teotonio, violín; Inmaculada Muedra, viola;  
Javier Nicolás Casamayor, violonchelo

**Profesor: Timur Sadikov**

**Sala Ángel Brage - 20:30 h**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Josep Planells, director**

**Noè Rodrigo Gisbert e Adélaïde Ferrière, percusión**

- Francisco Domínguez: Negra sombra (*proxecto Cometas*). Estrea absoluta.
- Rebecca Saunders: VOID. Estrea en España
- Francisco Guerrero: Coma Berenices

---

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

**OFICINAS**

981 552 290 | 981 574 152

**rfgalicia.org**  
**compostelacultura.gal**

**INSTAGRAM**

@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura

**FACEBOOK**

RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura

**X**  
@CCultura

**TIKTOK**  
@realfilharmoniadegalicia

**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

**2025/26**  
**30 ANIVERSARIO**

**AUDITORIO DE GALICIA**

